

**PROTOCOLO DE ACTUACIÓN FRONTE AO COVID 19
PARA A VOLTA Á ACTIVIDADE DEPORTIVA
FEDERADA**

**FEDERACIÓN GALEGA DE TRIÁTLON E PÉNTATLON
MODERNO**

**Certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte o
18/08/2020**

Actualizado o 28/12/2020

COORDINADOR FEDERATIVO CONTROL COVID-19

Gonzalo Mario Triunfo Delgado- presidencia@fegatri.org

COLABORADORES CONTROL COVID-19

Pablo Cabanelas- comitedeportivo@fegatri.org

Patricio Farías- delegaciónlugo@fegatri.org

Amando Guerrero- delegacióncoruna@fegatri.org

Mónica Flores info@fegatri.org

CONTIDO

1. ANTECEDENTES

- 1.1.A COVID-19 E A SÚA EVOLUCIÓN**
- 1.2 SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO**

2.- OBXECTO

3.- ALCANCE

4.- MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

- 4.1. . MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL***
- 4.2. . MEDIDAS DE VENTILACIÓNS DAS INSTALACIÓNS**
- 4.3.MEDIDAS PARA os/as AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.)**
- 4.4 REXISTRO DE ASISTENTES ÁS ACTIVIDADES DEPORTIVAS (deportistas, staff, público, etc...) ***
- 4.5. PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ANTE A SOSPEITA DE COVID-19**
- 4.6.OUTRAS MEDIDAS**

5.- PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS

- 5.1.- IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS ESPECÍFICOS NA COMPETICIÓN DE TRIÁTLON E AS SÚAS ESPECIALIDADES**
 - 5.1.2.- TÁBOAS DE RISCOS E MEDIDAS CORRECTORAS ADESTRAMENTO/COMPETICIÓN**
- 5.2.- IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS ESPECÍFICOS NA COMPETICIÓN DE PENTATLON MODERNO E AS SÚAS ESPECIALIDADES**
 - 5.2.2.- TÁBOAS DE RISCOS E MEDIDAS CORRECTORAS ADESTRAMENTO/COMPETICIÓN**

6.COMUNICACIÓN E SEGUIMENTO DE SINTOMATOLOXÍA COVID-19

- 6.1 COORDINADOR FISICOVID-DXTGALEGO DO CLUB/ENTIDADE DEPORTIVA**
- 6.2 PROCEDEMENTO DE COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS (CLUBS, FEDERACIÓN E SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE**
- 6.3 AVALIACIÓN DOS RISCOS DE TRANSMISIÓN DE SARS-COV-2 PARA EVENTOS E ACTIVIDADES MULTITUDINARIAS NO CONTEXTO DE NOVA NORMALIDADE POR COVID-19 NOS PROTOCOLOS FSICOVID-DXT GALEGO ESCPECÍFICOS DAS COMPETICIÓN, EVENTOS E ACTIVIDADES**

7.- DECLARACIÓN DE RISCO COVID-19

8- DECLARACIÓN RESPONSABLE RESPONSABLES DEPORTISTAS MAIORES DE IDADE

9.-DECLARACIÓN RESPONSABLE DO TITOR/A DEPORTISTAS MENORES DE IDADE

10.- INFOGRAFÍAS INFORMATIVAS

11.- REFERENCIAS



1. ANTECEDENTES

1.1- O CORONAVIRUS E A SÚA EVOLUCIÓN

O coronavirus debe o seu nome ao aspecto que presenta, semellante a unha coroa. Trátase dun tipo de virus presente tanto en humanos como en animais.

Nos últimos anos describíronse tres brotes epidémicos importantes causados por coronavirus:

SRAS- CoV: A síndrome respiratoria aguda e grave (SRAS, tamén coñecida como SARS e SRAG) iniciouse en novembro de 2002 en China, afectou a máis de 8.000 persoas en 37 países e provocou máis de 700 mortes. A mortalidade do SRAS- Cov cifrouse no 10% aproximadamente.

MERS- CoV: O coronavirus causante da síndrome respiratoria de Oriente Medio (MERS) foi detectado por primeira vez en 2012 en Arabia Saudita. Notificáronse ata outubro de 2019 máis de 2.400 casos de infección en distintos países, con máis de 800 mortes. A letalidade é, por tanto, do 35%.

COVID-19: A finais de decembro de 2019 notificáronse os/as primeiros casos dun novo coronavirus na cidade de Wuhan (China). Desde entón o goteo de novos infectados polo virus SARS- CoV-2 (inicialmente chamado 2019 nCoV), que provoca o COVID-19, foi continuo e a súa transmisión de persoa a persoa acelerouse. os/as casos declarados de pneumonía de Wuhan superan con fartura aos da epidemia de SRAS, pero a taxa de letalidade é máis baixa.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou a situación de pandemia. Hai persoas infectadas na práctica totalidade do planeta e os/as profesionais sanitarios insisten na necesidade de seguir, forma estrita, as medidas preventivas.

En España o 14 de marzo de 2020 decretouse o estado de alarma e as autoridades sanitarias insisten na necesidade de permanecer en casa para conter a transmisión, aínda que tras aproximadamente mes e medio de medidas de contención estrita, comezou o que se deu en chamar “desescalada” ou volta progresiva á “nova normalidade”.

1.2- SÍNTOMAS E FORMA DE CONTAXIO DO COVID-19

Segundo o establecido polas autoridades sanitarias, os/as síntomas máis habituais da COVID-19 son a febre, a tose seca e o cansazo. Outros síntomas menos frecuentes son dores e molestias, conxestión nasal, dor de cabeza, conxuntivite, dor de gorxa, diarrea, perda do gusto ou do olfacto e as erupcións cutáneas ou cambios de cor nos dedos das mans ou os/as pés. Estes síntomas adoitan ser leves e comezan gradualmente. Algunhas das persoas infectadas só presentan síntomas moi leves ou asintomáticos.

Unha persoa pode contraer a COVID-19 por contacto con outra que estea infectada polo virus.

A enfermidade propágase principalmente de persoa a persoa a través das gotículas que saen despedidas do nariz ou a boca dunha persoa infectada ao tusir, espirrar ou falar. Unha persoa pode contraer a COVID-19 se inhala as gotículas procedentes dunha persoa infectada polo virus. Por iso é importante manter a distancia interpersonal de 1,5 m. de ao menos a 1,5 metros con respecto a outras persoas, e o uso de máscara.

Estas gotículas poden caer sobre os/as obxectos e superficies que rodean á persoa, mesas, pomos, varandas, material deportivo, etc. podendo provocar a infección de outras persoas se tocan eses obxectos ou superficies coas mans e posteriormente as levan aos ollos, o nariz ou boca. Por isto é tan importante lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou cun desinfectante a base de alcol e evitar tocar os/as ollos, a boca ou o nariz.

2.- OBXECTO

O obxecto deste documento é planear as medidas de prevención e actuacións específicas para o desenvolvemento da actividade deportiva de Triatlón e Péntatlon Moderno garantindo a seguridade e saúde do persoal federativo, deportistas e resto de usuarios participantes fronte á exposición á COVID-19.

Ditas pautas inclúen as medidas preventivas a adoptar durante a realización de desprazamentos, medidas de hixiene persoal, así como medidas técnicas, organizativas e de protección.

3. ALCANCE

O protocolo federativo será de obrigada observancia para o conxunto dos estamentos federativos e o resto de usuarios que participen de forma directa ou indirecta na actividade deportiva da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno (FEGATRI).

O presente protocolo establece a base e marco de referencia para que os/as clubs e organizadores integrados na FEGATRI deseñen os/as seus propios protocolos e adopten medidas de prevención semellantes.

Cada Club e/ou organizador deberá elaborar o seu propio protocolo axustado ao seu contexto e características da práctica/competición deportiva.

4. MEDIDAS XERAIS PARA REDUCIR O RISCO DE CONTAXIO DA COVID-19

Todos os/as axentes que participan directa ou indirectamente na realidade deportiva deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición a ditos riscos. Este deber de cautela e protección será igualmente exigible aos titulares de calquera actividade deportiva.

Tralo proceso de recollida de información e análise das potenciais situacións de contaxio e en atención ao sinalado polas autoridades sanitarias, establécense unha serie de recomendacións xerais, que deberán ser concretadas, en todo caso, polas medidas específicas determinadas pola federación deportiva galega no seu protocolo federativo.

4.1- MEDIDAS DE DESINFECCIÓN E LIMPEZA DE SUPERFICIES E MATERIAL* (modificación 28/12/2020)

Con carácter xeral, sen prexuízo das medidas específicas establecidas pola federación deportiva ou no protocolo da instalación correspondente, respecto á limpeza e desinfección de espazos, materiais e superficies deberanse ter en conta as seguintes:

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada en auga a temperatura ambiente ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se atopan no mercado debidamente autorizados e rexistrados. No uso do produto respectaranse as indicacións da etiqueta. Así mesmo, non se mesturarán produtos diferentes.

Tras cada limpeza, os/as materiais empregados e os/as equipamentos de protección utilizados desbotaranse de xeito seguro, e procederase posteriormente ao lavado de mans.

Cando existan postos de traballo compartidos por máis dunha persoa do staff, estableceranse os/as mecanismos e procesos oportunos para garantir a hixiene destes postos. Recomendarase traballo distribuído en parellas de ser preciso.

Procurarase que os/as equipamentos ou ferramentas empregados sexan persoais e intransferibles, ou que as partes en contacto directo co corpo da persoa dispoñan de elementos substituíbles. No caso daqueles equipamentos que deban ser manipulados por diferente persoal, procurarase a dispoñibilidade de materiais de protección ou o uso de forma recorrente de xeles hidroalcohólicos ou desinfectantes con carácter previo e posterior ao seu uso.

Na medida do posible, manter as portas abertas con cuñas e outros sistemas para evitar o contacto das persoas por exemplo co pomos de portas. *

Disporase de papeleiras pechadas e con accionamento non manual, para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e polo menos unha vez ao día. Así mesmo, estas papeleiras deberán contar con bolsa desbotable que se cambie ao menos unha vez ao día.

4.2.- MEDIDAS DE VENTILACIÓN DAS INSTALACIÓNS * (modificación 28/12/2020)

- Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas durante un mínimo de 30 minutos ao inicio e ao remate de cada xornada, así como de forma continuada durante esta e obrigatoriamente ao remate de cada

clase/sesión ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

- Antes do inicio das actividades e do uso de vestiarios, baños, salas, etc.. asegurarse de que estean ben ventiladas e se fixeran as accións sinaladas no párrafo anterior.
- Durante as actividades en recintos pechados, na medida do posible, realizar os tempos de descanso e/ou recuperación en zonas ao aire libre ou ben ventiladas.

4.3.- MEDIDAS PARA OS AXENTES QUE DIRECTA OU INDIRECTAMENTE PARTICIPEN NA PRÁCTICA DEPORTIVA (Staff, deportistas, acompañantes, público, etc.)

Xerais:

Cumprir todas as medidas de prevención que estableza a entidade deportiva no seu protocolo.

- **Deberase manter a distancia interpersonal de 1,5 m. en todo momento, antes durante e despois da práctica deportiva.** A estes efectos, o protocolo federativo establecerá as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística.
- **Obrigatorio o uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva** por parte do/a deportista. Cando non se estea utilizando a máscara, esta deberá gardarse axeitadamente, de xeito hixiénico, para evitar que adquira ou transmita o coronavirus.
- Evitar lugares concorridos.
- Evitar en todo momento o saúdo con contacto físico.
- Utilizar panos desbotables e tiralos á papeleira, tras cada uso.
- Asegurarse de manter unha boa hixiene respiratoria. Cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano desbotable ao tusir ou espirrar e neste último caso desbotar de inmediato o pano usado e lavar as mans con auga e xabón ou xel hidroalcohólico.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico.
- Na medida do posible, evitar tocar os/as ollos, o nariz e a boca e no caso de facelo, prestar atención ao lavado previo de mans.

- As persoas que teñan algún síntoma compatible con estar infectado por Covid-19, como febre, tose, dificultade respiratoria etc, non deberán asistir a un evento deportivo, deberán quedar na casa e poñerse en contacto canto antes co seu médico, así como seguir o plan de comunicación e actuación xeral establecido neste protocolo (4.3).
- As persoas que tiveran contacto estreito recentemente con algún paciente infectado por Covid-19 non deberán acudir a competicións deportivas e deberán quedar na casa ata finalizar o período de corentena indicado polas autoridades sanitarias. De non estar xa en contacto co sistema sanitario, deberán poñerse en contacto canto antes.
- Os pacientes que deran positivo a proba para detección do Covid-19 e non estean de alta, non poderán saír da casa, polo que non poderán acudir a ningunha proba deportiva.

4.4 REXISTRO DE ASISTENTES ÁS ACTIVIDADES DEPORTIVAS(deportistas, Staff, público, etc...) *.(Engadido 20/12/2020)

- A Entidade organizadora da actividade (club, federación, etc..) deberá dispoñer dun rexistro de asistentes (deportistas, staff, público, etc..) á mesma (adestramento, competición, concentración, tecnificación, etc...), custodiando o mesmo durante polo menos un mes despois da súa celebración, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal

4.5.-PROTOCOLO XERAL DE ACTUACIÓN ANTE A SOSPEITA DE COVID19

No caso de que un membro do staff, deportista, etc., teña sintomatoloxía do virus COVID-19, deberá informar de xeito inmediato ao Servizo Galego de Saúde para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade (<https://www.sergas.es/Saude-publica/Novo-coronavirus-2019-nCoV?idioma=es>). Neste senso, considérase sintomatoloxía do virus COVID-19 un cadro clínico de infección respiratoria aguda (IRA) de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros.

En referencia ao anterior **recoméndase unha autoavaliación diaria de posible sintomatoloxía por parte dos directivos, técnicos, axudantes, deportistas, acompañantes, público e voluntarios, antes de acudir a cada actividade ou sesión de práctica deportiva.**

En caso de detección dun sospeitoso por COVID-19 no entorno da práctica deportiva, deberanse seguir as pautas determinadas polas autoridades sanitarias. A persoa afectada retirárase do grupo e conducírase a outro espazo, facilitándolle unha máscara cirúrxica. Este espazo deberá ser elixido previamente, e debería contar con

ventilación adecuada, e una papeleira de pedal con bolsa, onde tirar a máscara e panos que se poidan desbotar. Contactarase co centro de saúde correspondente á persoa ou co teléfono de referencia (900 400 116), e seguirán as súas instrucións. Si se percibira gravidade chamarase ao 061. Haberá que realizar unha boa ventilación, limpeza e desinfección deste espazo e do resto das estancias onde estivera a persoa, acorde á situación do risco. Será preciso tamén illar o contedor/papeleira onde se depositaran os panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito no lugar onde se determine.

En todo caso, seguiranse en todo momento as recomendacións das autoridades sanitarias.

4.5.1-PROTOCOLO DE ACTUACIÓN INDIVIDUAL ANTE A SOSPEITA DE COVID19



4.5.2 PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA CLUBS E ORGANIZADORES ANTE A SOSPEITA DE COVID19

O deporte como fenómeno social é un sistema complexo, formado por elementos que interaccionan de xeito pluridireccional, de forma que o comportamento de cada un deles recibe influencia dalgún dos outros. **“Conduta” e “información” son as claves do bo e eficiente funcionamento do sistema e tecido deportivo. como o de Galicia.** A adecuación aos necesarios cambios fronte á COVID19, abórdase desde a necesidade de incidir nas condutas de todos os axentes humanos que participan no Deporte directa ou indirectamente, a partir da lóxica organizativa e funcional, recollendo e dando información precisa, de calidade e válida, para poder aumentar o éxito das decisións do tecido deportivo contra a COVID-19. **O obxectivo primordial é unha detección e actuación rápida co fin de limitar ao máximo posible a capacidade de transmisión do coronavirus,** facendo un seguimento continuo e coordinado entre todos os entes federativos, deportivos e sanitarios desde o primeiro desprazamento cara a instalación, espazo de práctica ou centro deportivo, durante o feito deportivo, e despois do mesmo. Se a comunicación e responsabilidade individual de cada deportista é primordial, a colaboración dos clubs e organizadores non o é menos.

Todos os clubs e organizadores da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (FEGATRI), comprométense ao cumprimento do protocolo federativo de prevención do contaxio da COVID19.

Os clubs/organizadores comprométense ao seguimento e monitorización dos/as deportistas involucrados nas súas actividades e á comunicación e información á FEGATRI se detectasen que calquera deportista presenta algún síntoma compatible con estar infectado por Covid-19, como febre, tose, dificultade respiratoria etc, **non permitíndolle continuar no evento ou actividade deportiva.**

*** Procedemento no caso desta detección ou sospeita de que un deportista ten síntomas compatibles co Covid19.**

1.- O Club/organizador informará ao deportista do procedemento a seguir de acordo ao punto 4.3 deste protocolo e a continuación contactará de inmediato coa Federación Galega de Tríatlon para informala da situación.

2.- A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, continuará o procedemento e informará á Secretaría Xeral para o Deporte para que poida activar o protocolo establecido.

4.6. OUTRAS MEDIDAS

DESPRAZAMENTOS A ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

- Non compartir vehículo particular con outras persoas non convivintes, sempre que sexa posible. De non ser así, priorizar formas de desprazamento que favorezan a distancia interpersonal e, en todo caso, utilizar máscara. Ademais é importante un frecuente lavado de mans ou emprego de xel hidroalcohólico antes de entrar e despois de saír do vehículo.

ALIMENTOS, BEBIDAS E SEMELLANTES

- Non se deben compartir alimentos bebidas ou similares.
- Recoméndase marcar os/as envases utilizados para evitar confusións.

USO DE VESTIARIOS* *(Modificación 20/12/2020)*

Na medida do posible evitar o uso do vestiario e especialmente da ducha.

- No caso de que os vestiarios non estiveran desinfectados e non houbera unha axeitada ventilación, non se deben usar. Neste caso os/as participantes no adestramento/competición deberán chegar debidamente cambiados/as da casa.
- No caso de que se utilice, o uso do vestiario estará limitado ao aforo determinado na normativa e a un número de persoas que permitan manter sempre a distancia de seguridade (+1,5 metros) entre elas e en todas as direccións.
- Organizaranse as quendas que sexan necesarias para cumprir coas normas de aforo, de ventilación e de desinfección.
- Despois do seu uso, as mochilas ou equipamento persoal deberan levarse á zona designada tal e como se indica nestas táboas.
- Limitar a estancia no vestiario ao tempo mínimo necesario e estar con máscara en todo momento, salvo que sexa imprescindible ducharse. Neste caso, quitar a máscara exclusivamente para entrar na ducha e colocala de novo tan pronto nos sequemos a cara e cabeza.
- Evitar falar, berrar, celebracións , etc... mentres esteamos no vestiario

USO DE BAÑOS* *(Modificación 20/12/2020)*

- Uso de máscara en todo momento
- Manter a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 m.
- Respetar as quendas de uso para cumprir aforos.
- Lavado de mans ou utilización de xel hidroalcohólico ao entrar e ao saír.

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

- A entidade responsable da actividade deberá garantir que os/as deportistas dispoñan do material de prevención, xa sexa porque o pon a disposición o titular da instalación, a entidade organizadora da actividade ou porque o traen os/as deportistas, staff, etc.
- Evitar, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante a actividade. Se isto non fora posible, garantirse consonte o establecido no punto anterior a presenza de elementos de hixiene para o seu uso continuado por parte dos axentes participantes e estableceranse os/as mecanismos de desinfección correspondentes.
- Promoverase o pagamento con tarxeta ou outros medios que non supoñan contacto físico entre dispositivos, así como a limpeza e desinfección dos equipamentos precisos para iso.

MEDIDAS DE INFORMACIÓN

- A entidade organizadora da actividade informará a todos os axentes que participen directa ou indirectamente na actividade sobre os riscos e medidas sanitarias e de hixiene que deben cumprir de forma individual. Deberá existir unha comunicación continua con todos os axentes da realidade deportiva.
- Facilitaralle ao Staff, deportistas e outros axentes alleos á práctica deportiva, información sobre as medidas de hixiene e seguridade mediante cartelería en puntos clave dos espazos de práctica e acceso á mesma, na páxina web ou redes sociais da entidade e/ou mediante a entrega de documentos, preferiblemente por vía telemática.
- Deberase contar cunha sinalización visible sobre as medidas hixiénico - sanitarias e de prevención establecidas no desenvolvemento da actividade.
- Cando as instalacións onde se desenvolva a práctica deportiva dispoñan de ascensor ou montacargas, promoverase a utilización das escaleiras.

MEDIDAS DE FORMACIÓN

- Promoverase a formación, especialmente entre o staff para:
- Adaptar as actividades ás medidas e recomendacións marcadas polas autoridades sanitarias (distanciamento interpersonal, emprego de máscara, etc.). Revisión das actividades a desenvolver, suprimindo aquelas que promoven o contacto físico e primando as que poden levarse a cabo dun xeito máis individual ou con maior distanciamento, intentando non perder a dinámica de grupo, de ser así a especificidade da súa práctica deportiva.
- Formación sobre as medidas hixiénico-sanitarias de carácter persoal recomendables, tales como a necesidade dun correcto e asiduo lavado de mans, o emprego de xel hidroalcohólico, a colocación correcta da máscara, etc. co obxectivo de implementar estas medidas do contexto da práctica

deportiva e tamén para trasladarllas aos deportistas e ao seu entorno co obxectivo de que se consoliden estes hábitos hixiénico-sanitarios.

Recoméndase que antes dos primeiros adestramentos/competicións, o staff e persoal involucrado nos mesmos realice un ensaio/simulacro para axustar as medidas propostas neste protocolo á realidade e espazos concretos onde se vai desenvolver a actividade.

5.- PROCEDEMENTO PARA A IDENTIFICACIÓN DE POTENCIAIS SITUACIÓNS DE CONTAXIO E MEDIDAS PARTICULARES DE PREVENCIÓN

Para a identificación das diferentes situacións potenciais de contaxio, partiremos dos mecanismos de transmisión do virus reportados polas autoridades sanitarias, establecéndose para esta ferramenta un sistema de categorías inter- relacionadas entre si, para que o tecido deportivo determine unha a unha as posibles situacións concretas de potencial contaxio que se puideran dar en cada modalidade e especialidade deportiva:

- Atende a tres momentos: antes, durante, e despois da práctica.
- Considera aos axentes cos que pode haber contaxio: Staff propio, Deportistas, outros alleos.
- Identifica a vía de contaxio: Contacto, vía Aérea, compartir alimentos ou bebidas.



<u>IDENTIFICAR O AXENTE</u>	Persoas relacionadas coas situacións de potencial contaxio. Neste caso clasifícanse en persoas da organización non deportistas, os propios deportistas, e as persoas alleas á entidade
STAFF PROPIO	Son as persoas que forman parte do organigrama da entidade organizadora da actividade ou da entidade/deportista participante nas actividades (persoal e colaboradores de federacións, clubs, equipos, tales como directivos, adestradores, preparadores físicos, xuíces/árbitros, asistentes, delegados, etc..) así como persoal do espazo onde se desenvolve a práctica e que pode ter que ver coas situacións

<u>IDENTIFICAR O AXENTE</u>	Persoas relacionadas coas situacións de potenciais contaxios. Neste caso clasifícanse en persoas da organización non deportistas, os propios deportistas, e as persoas alleas á entidade que identifiquemos (conserxes, oficinistas, persoal de limpeza, etc
DEPORTISTAS	Son os axentes protagonistas do fenómeno deportivo. As persoas que practican, individualmente ou en grupo, calquera tipo de actividade deportiva.
OUTROS ALLEOS	Son as persoas de fóra da organización (público, familiares, visitantes externos, provedores, etc.)

5.1.- IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS ESPECÍFICOS NA COMPETICIÓN DE TRIATLÓN E AS SÚAS ESPECIALIDADES

A FEGATRI recomenda que as entidades organizadoras avalíen os seus eventos en dúas fases.

1.- Coas ferramentas da OMs para eventos deportivos, co obxectivo de determinar o límite global do risco. No caso de que resulte moderado ou superior aplicaríanse as medidas correctoras.

A FEGATRI só recomenda realizar eventos en escenario de risco BAIXO OU MOI BAIXO.

A ferramenta de avaliación está dispoñible na Federación Española de Triatlón na ligazón www.competitions/recursos e alternativamente pode facerse uso da ferramenta das AAF avalada por outras federacións internacionais coma a ITU <https://idom.worldathletics.org/>

Identificación de lugares e actividades con risco

- Actividades previas
 - o Presentación del evento
 - o Roldas de prensa
- Sede do evento
- Acreditación/dorsais
- Expo
- Staff / Voluntarios / Oficiais
 - Lugar de reunión para staff, oficiais e voluntarios
- Espectadores
- Medios de comunicación
- Servizos ao deportista
 - o Reunións técnicas
 - o Secretaría e entrega de dorsais
 - o Gardarroupa
 - o Adestramento
 - o Servicio mecánico
 - o Servicio de fisioterapia
 - o Baños / Duchas / Vestiarios
- Paratriatlón
- Competición
 - Saída
 - Cámaras de chamada
 - Transición
 - Natación
 - Ciclismo
 - Carreira
 - Avituallamentos
 - Areas de Pinalización
- Entregas de Premios

Como reducir o risco

- Reducir as persoas expostas
- Tomar medidas de prevención adecuadas.
- Establecer medidas de hixiene que eviten ou mitiguen a dispersión do virus.
- Identificar posibles persoas portadoras para tomar as medidas pertinentes.
- Establecer plans de actuación ante posibles accidentes.
- Sinalizar posibles zonas de alto risco onde o tempo de permanencia sexa indispensable

MEDIDAS CORRECTORAS XENÉRICAS A IMPLANTAR (xúntanse táboas coas situacións de contaxio e medidas)

Medidas Xerais

- Uso obrigatorio de máscara en todo momento por parte de todos os axentes (staff, directivos, familia, público) incluíndo os/as deportistas, salvo durante a práctica deportiva no adestramento/competición, único momento no que estes están exentos de levala, pero sempre segundo as condicións establecidas neste protocolo.
- Manter en todo momento a distancia interpersonal de alomenos 1,5 metros.
- Lavar con frecuencia as mans con auga e xabón ou con xel hidroalcohólico, incluso entre tarefas dentro de cada adestramento, nos momentos establecidos polo staff.
- Evitar o contacto físico.

Reunión técnica da proba

No se realizará reunión técnica presencial, publicarase na páxina web e RRSS da proba unha guía en formato dixital e responderanse as preguntas técnicas dos/as deportistas por correo electrónico.

Inscricións

Informase aos deportistas das posibles medidas a tomar sobre toma de temperatura, probas de diagnóstico e posible comunicación de datos persoais ás autoridades competentes si se detectasen infectados.

Infórmase aos deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco/probabilidade de consecuencias graves no caso de contaxio, recomendando a non participación ou maior toma de medidas preventivas pola súa parte.

Sede do evento

Debese asegurar que en todos os espazos se pode manter a distancia interpersoal mínima de 1,5 metros.

Nas zonas onde haxa persoal acreditado e as zonas comúns deben establecer puntos de elementos de seguridade (Rolos de papel, papeleiras de pedal, dosificadores de xel hidroalcohólico, pulverizadores con desinfectante). Dispensadores de xabón nos aseos (cambiados frecuentemente) e papeleiras cerradas para a eliminación segura de material hixiénico (p. ex., panos de papel, toallíñas, produtos sanitarios) en aseos.

Como norma xeral, sempre que sexa posible, manter todas as portas abertas.

Retirada de dorsais

Os paquetes de carreira serán preparados en condicións hixiénicas polo persoal de organización, un máximo de dúas persoas que utilizarán máscara e xel hidroalcohólico frecuentemente e serán preparados cunha antelación mínima de 3 días e pechados en caixas para evitar contaxio dos mesmos.

* **Recomendacións por orde de prioridade para a entrega de dorsais minimizando aglomeracións e contacto.**

- 1.- Envío de dorsal directamente ao deportista/club por paquetería ou correo.
- 2.- Establecer unha recollida de dorsais repartida en varios días (2-3) antes da celebración da competición para facilitar o escalonamento das entregas
- 3.- Presencial o día de carreira
 - Recomendarase a recollida por un delegado do club.
 - Estableceranse tramos horarios por dorsal/apelido para a recollida de dorsais de cara a minimizar as aglomeracións.

* **Procedemento de entrega física.**

- O persoal de organización disporá de máscara e pantalla protectora para a entrega de dorsais, así como xel hidroalcohólico que se colocará na mesa de entrega para uso do persoal e deportistas e deberán utilizalo frecuentemente para lavado de mans.
- A zona de acceso á mesa de entrega de dorsais estará delimitada a través dun corredor pechado onde se fará a sinalización da distancia interpersoal de 1,5 m. no chan e o fluxo de entrada e saída. Só poderán acceder a esta zona de recollida os deportistas ou delegados de club, levando obrigatoriamente a máscara e quedando prohibido o acceso de calquera outra persoa, familiares,... 1 persoa de organización, con máscara controlará que os deportistas manteñen a distancia interpersoal de 1,5 m. en todo momento.

Á entrada do corredor colocarase xel hidroalcohólico para desinfección de mans e cartel lembranza de manter a distancia de 1,5 en todo momento.

- O/a Deportista amosará o seu Documento de identificación que será comprobado sen contacto. Unha vez recollido o paquete de carreira na zona de dorsais terá unha zona ampla valada ao aire libre, con cadeiras/soportes cunha separación de 2 metros, para poder colocar os dorsais da bicicleta e o material para o control na transición. Estas cadeiras serán desinfectadas por persoal do staff entre usos.

Gardarroupa

Dúas opcións

1.- Priorizarase a supresión do servizo de gardarroupa, autorizando aos deportistas a deixar a bolsa coa súa roupa na súa cesta. Esta bolsa será entregada co paquete de carreira aos efectos de que os efectos persoais deixados nela sexan os mínimos.

Non se poderá deixar ningún outro equipamento, salvo o de competición que non estea dentro desta bolsa. Deste xeito o material só será manipulado polo deportista.

2.- Sistema de bolsas controlado por voluntarios que seguirán o proceso de desinfección de asas, pulverizando cun virucida ou desinfectante autorizado as asas das mochilas tanto na recollida coma antes da súa devolución ao/á deportista.

* Procedemento

-Mampara protectora ou pantalla para staff

-Uso de máscara para todo o persoal implicado staff, deportistas (axudantes/guías) e voluntarios

-Dispoñibilidade de xel hidroalcohólico para lavado de mans continuo

- Horarios por saída para recollida e devolución

- Entrega de bolsa co paquete de carreira para minimizar a entrega de material, evitar ao máximo a contaminación entre bolsas no espazo de roupeiro que a ser posible será aberto e/ou ventilado.

- Uso de marcas no chan indicando a distancia interpersoal de 1,5 m. e fluxos de entrada e saída


-Entrega/recollida:

- O deportista coloca a bolsa numerada na mesa.
- O voluntario hixieniza con produto desinfectante as asas e coloca a bolsa no espazo de roupeiro.
- Uso de xel hidroalcohólico para lavado de mans continuo entre recollidas

WC

Habilitaranse baños hixiánicos acorde ao número de participantes, preferentemente no exterior e na súa maioría abertos (urinarios tipo seta). No caso dos pechados manteranse as portas abertas sempre que sexa posible para a súa ventilación.

Os corredores de accesos aos mesmos estarán delimitados e con sinalización de fluxos de entrada e saída así como as medidas de distanciamento nas colas. Habará unha persoa controlando este distanciamento. Colocarase en cada WC un pulverizador desinfectante e xel hidroalcohólico, para desinfección despois de cada uso por persoal de organización ou staff ou sistemas de desinfección pulverización automáticos.



OUTROS SERVIZOS

Servizo Mecánico:

- 1.- Prioritariamente optarase pola eliminación do servizo.
- 2.- No caso de ofrecelo, prepararase na zona de transición de xeito autoservicio, o/a deportista é responsable de levar o seu propio material de reparación. A zona será controlada e desinfectada con pulverizadores despois de cada uso por staff/voluntarios

Servizo de Fisioterapia:

Non se facilitará.

Duchas e Vestiarios:

Non se habilitarán


TRANSICIÓN

As barras da transición ao igual que as caixas para cada deportista serán pulverizadas con solución desinfectante, antes e despois da competición. No caso de varias competicións no mesmo día ou días alternos, onde se deban reutilizar barras ou caixas estas serán desinfectadas entre usos polo persoal de organización/staff

Cada deportista recollerá a súa cesta á entrada a transición.

Habilitarase un máximo de 3 bicicletas (2 a un lado e 1 ao outro, alternado cada barra) nunha barra de 3 metros para garantir a distancia interpersonal de 1,5 m. en todo momento na zona.

- As bicicletas nunca estarán enfrontadas, alternanse nun lado e no outro de xeito cruzado, para garantir que os deportistas manteñen en todo momento a distancia de 1,5 m.
- As tandas de saída distribuiranse para facilitar que o movemento nos pasillos opostos sexa en momentos diferentes e minimizar o risco de que en calquera momento os deportistas poidan estar enfronte e infrinxir a distancia de seguridade.



Os oficiais manteranse a 1,5 m. das barras e gardarán distancia interpersonal de 1,5 m. Equipados con pantalla e máscara.

Incumprir, en calquera momento, a norma de manter a distancia de seguridade levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción e descualificación á segunda.

Control de material

Unha vez recollidos os dorsais haberá dous corredores que levarán o fluxo de deportistas á transición, delimitados e separados ao comezo dos cales se tomará a temperatura por oficiais con termómetro láser. Non se permitirá a participación a quen supere os 37,5°C.

Realizarase unha primeira toma e se a superase activarase o plan de comunicación e alarma de acordo ao especificado nos puntos 4.4 e 6 deste protocolo. O plan de alarma dispón o illamento da persoa e aviso ás autoridades sanitarias para que executen os correspondentes protocolos sanitarios.

Á entrada destes corredores, separados 1,5 metros, colocarase xel hidroalcohólico para desinfeccións de mans. Colocado o material no seu lugar continuarase nun único sentido á saída do box.

Entre a zona de recollida de dorsais e os corredores de acceso á transición habilitarase unha zona aberta con cadeiras/soportes a 2 m para que o deportista poida preparar o seu material. As cadeiras/soportes deben ser desinfectadas entre cada uso por voluntarios/staff.

O control do material será visual sen tocar o material por parte dos oficiais

Os/as oficiais deben levar máscara e pantalla e manterán a distancia de 1,5.

Os/as deportistas deben cumprir coas medidas xerais establecidas, lémbrese a necesidade de levar máscara salvo no momento da práctica deportiva

Seguindo as medidas xerais establecidas, respectarase a distancia interpersonal de 1,5 m. en todo momento .

É responsabilidade do deportista retirar o material que sexa necesario.

Cámara de chamadas

Os/as deportistas colocaranse diante da bicicleta farase chamada 1 a 1 por orde de dorsal para entrar ao corredor delimitado que levará á liña de presaída do Rolling Start. Os oficiais controlarán o fluxo dende a transición á liña de presaída onde se colocarán conos ou marcas de separación que delimiten a distancia de 1,5 m., en caso de pasillos longos cando fose necesario situar ao/á deportista ou grupo de deportistas (número máximo de 8) preparado/s para manter a hora de cada saída de xeito individual ou de grupo, sempre en función do largo e longo do pasillo. De infrinxir a distancia interpersonal aplicaríase a sanción establecida. Advertencia á 1ª infracción e Descualificación á 2ª

Establecerase un tempo entre a saída de cada deportista/s dun mínimo de 5) segundos en triatlón e 20 “ en dúatlón. Recoméndase en función da participación e horas de permiso ampliar ao máximo o tempo entre deportistas.

Entre cada tanda de 25 participantes establecerase un intervalo de tempo mínimo de 5 minutos.

Preferentemente a saída farase de xeito individual. Segundo as condicións da carreira, si é posible poderase ampliar o número de deportistas ata un máximo de 8 se o corredor de saída, o número de oficiais para o control e o percorrido permiten garantir a distancia interpersonal de 1,5 m. en todo momento, tanto no corredor de saída coma no percorrido.

O tempo de cada deportista conta cando pisa o control de saída polo que se evita o estresamento dos mesmos. Ata o momento da chamada os/as deportistas levarán máscara que deixarán na súa caixa en caso de máscaras reusables (para evitar residuos) e/ou nos contedores habilitados antes da saída no caso das desbotables.

Establecerase o número de deportistas e tempos de distribución segundo a inscrición final de xeito que se manteña no corredor, previo á saída, a distancia interpersonal de 1,5 m.. Este control farase por parte de oficiais e staff con máscara e pantallas.

Cada dorsal terá a súa hora de saída establecida e deberá estar diante da súa bicicleta 10 minutos antes da mesma.

Incumprir , en calquera momento, a norma de manter a distancia de seguridade levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción e descualificación á segunda.

Natación

No sector de natación estará prohibido ir “a pés” (detrás doutro/a nadador/a), mantendo distancia mínima interpersoal de 1,5 m.

Delimitarase un perímetro de seguridade para o público con control de staff para evitar aglomeracións.

Media e Longa Distancia- Ao remate non haberá zona de cambio de deportistas. Os deportistas non poden estar espidos na transición de acordo ao regulamento.

Os oficiais levarán máscara e pantalla.

O patrón levará máscara.

Manterase a distancia interpersoal de 1,5 m.

As barcas de seguridade e o seu persoal non compartirán barca cos oficiais e seguirán os seus propios protocolos médico/sanitarios e seguridade e hixiene no traballo establecidos polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais da súa empresa.

Incumprir , en calquera momento, a norma de manter a distancia de seguridade levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción e descualificación á segunda.

Liña de Montaxe

Haberá un oficial gravando a mesma, mantendo a distancia cos deportistas.

A liña estará claramente marcada e terá unha bandeira vertical visible para identificala e evitar o uso da mesma polo/a oficial.

Ciclismo

O sector de ciclismo será en formato “prohibido drafting/ir a roda”. A distancia de separación entre bicicletas, será a establecida de acordo ao regulamento oficial de competición de 10m-12m lineais por 3 metros laterais para realizar adiantamentos.

A penalización por incumprir , en calquera momento, a norma da distancia de separación neste sector levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción e descualificación á segunda.

A bicicleta a utilizar, salvo en media e longa distancia ou probas cuxa normativa específica sexa “Contra reloxo- No Draft” e así figure no regulamento da proba, será

a de competicións onde ir a roda permitido (Bicicleta con manillar de curva tradicional e sin ningún tipo de acople e rodas de 12 radios mínimo)

Os oficiais de control e os motoristas levarán máscara ao igual que todo o persoal de staff e voluntarios.

Carreira a pé

Está prohibido correr xuntos, é obrigatorio deixar unha separación de 4 metros en todo momento, no caso de que non se poida gardar exactamente a distancia correrase en ángulo de 45º mentres se adianta.

Incumprir , en calquera momento, a norma de manter a distancia de seguridade levará consigo unha penalización de advertencia e corrección á primeira infracción e descualificación á segunda.

Os oficiais de control recibirán bicicletas desinfectadas, levarán o seu propio casco e manterán a distancia interpersonal de 1,5 m. en todo momento cos deportistas.

Avituallamentos

Habilitaranse mesas nas que haberá avituallamento sólido e/ou líquido. Dous



voluntarios irán colocando o avituallamento na mesa que será autoservicio, só se encargarán da reposición sen entrar en contacto co/a deportista.

Habilitaranse mesas onde os deportistas poderán coller o avituallamento que estimen oportuno, cunha separación entre elas de 10-15m.. Sendo obrigatorio que depositen os residuos nos contedores situados na zona establecida a carón das mesas.

Area de Penalización

Habilitarase unha zona suficientemente ampla, cunha mesa na que se porá a disposición xel hidroalcohólico para todo o persoal oficiais que limparán as mans frecuentemente e deportistas.

O/a deportista accederá á área de penalización que estará delimitada e con sinalización para establecer a entrada de deportistas e cumprimento da sanción mantendo a distancia interpersonal de 1,5 m. metros. O/a deportista indicará a tarxeta

recibida ou revisará o panel no caso de probas elite, cumprirá a súa sanción e indicarásele que continúe. En ningún momento tocará ningún material.

A zona valarase para separar ao público e sinalizaranse no chan as distancias.


Oficiais con máscara e pantalla.

Zona de meta

No haberá cinta de meta.

Só poderán acceder a esta zona os/as deportistas que finalizan a competición. Establecerase un fluxo de saída á pos meta e recuperación e non haberá posibilidade de retorno de deportistas finalizados.

A prensa terá unha zona habilitada e pechada, totalmente separada dos deportistas.



A partir da pos meta establecerase un fluxo a través dun pasillo pechado onde os deportistas manterán a distancia de 4 metros ata chegar á zona onde se lles entregará avituallamento e máscara hixiénica.

Nesta zona haberá xel hidroalcohólico a disposición do deportista e staff.

O staff/voluntarios estarán con máscara e pantalla.

Longa/Media Distancia- Establecerase unha zona de descanso para recuperar o alento delimitada, totalmente valada e con cadeiras a disposición colocadas a 2 metros para recuperar o alento antes de colocar a máscara. Esta zona estará controlada por voluntarios e desinfectaran as cadeiras despois de cada uso.

Esta zona dará acceso ao servizo médico por se fose precisa esta asistencia. O persoal médico seguirá os protocolos sanitarios establecidos polo seu servizo.

Unha vez recuperado/a, coa máscara colocada o/a deportista continuará polo corredor habilitado, mantendo a distancia interpersoal de 1,5 m. sinalizada e recollerá

o seu material, seguindo o fluxo de evacuación de transición o/a deportista retira o seu material e dirixirase a zona aberta ou abandonará a zona de competición.

Protocolo entrega de trofeos

Un voluntario/a prepara os trofeos/ medallas nunha bandexa. Debe levar máscara e usar xel hidroalcohólico frecuentemente e entre cada entrega.

Os trofeos/ medallas Ponanse sobre unha bandexa. A autoridade collerá a bandexa e ofreceralla para que cada deportista colla o seu trofeo ou medalla.

Unha soa autoridade por cada podio que se entrega (Ex. Unha autoridade entrega 3 Absolutos, outra entrega ás tres Absolutas) . Deberán levar máscara e desinfectar as mans con xel hidroalcohólico que estará a disposición nesta zona.

As autoridades estarán a un lado do podio e manterán a distancia interpersonal de 1,5 en todo momento. Esta distancia marcarase no chan.

A bandexa desinfectarase entre cada entrega


No podio, os caixóns estarán colocados de xeito que deberá haber 2 metros entre deportistas.

Os deportistas seguirán as medidas xerais do protocolo, levarán máscara e manterán distancia de 1,5m. en todo momento.

En caso de realizar foto oficial marcarase no chan a distancia e colocación das autoridades mantendo a distancia de 1,5 m-

Prepararanse cadeiras a 2 m. para aloxar aos premiados ata o momento de subida ao podio. As cadeiras deben ser desinfectadas antes e despois do seu uso.

A zona estará valada no total do perímetro e separada da zona de espectadores que tamén estará delimitada e onde se deberá controlar que se manteña a distancia interpersonal de 1,5 m..



STAFF- Labores de montaxe e desmontaxe

Crearase un organigrama de traballo e cada trabalador dedicarase a unhas funcións específicas.

O traballo distribuirase de xeito individual ou por parellas, de xeito que sempre traballen xuntas as mesmas persoas e minimizar o risco.

Manterase a distancia interpersoal de 1,5 m., uso obrigatorio de máscara en todo momento e observancia das medidas de seguridade e hixiene específicas do posto de traballo.

A roupa de traballo será desinfectada, cambiarase cada día e levarase en bolsa pechada para o seu lavado e desinfección á temperatura que o garanta.

Cada traballador terá a súa propia ferramenta que non compartirá co resto (ex. Tesoiras, bridas,...)

O desprazamento levarase a cabo de acordo ás normas sanitarias establecidas pola autoridade competente e priorizarase o movemento por parellas de traballo.

O material estará paletizado na medida do posible para evitar compartir e manipular a carga. A carga e descarga de vehículos farase por parellas e áreas e igualmente o movemento de almacén onde unha única persoa ou parella se encargará da entrega e recepción de materiais.

MONTAXE DA NATACIÓN

Realizarase por 2 operarios, equipados con máscara e xel hidroalcohólico, manterán a máxima distancia e en todo caso estarán na embarcación o mínimo tempo posible compartindo espazo. A preparación do material realizarase en terra coa distancia interpersoal de 1,5 m..

MONTAXE CICLISMO

Conos, vallas, sinalización. Realizarase por parellas con máscara operarios e conductor. Cada un utilizará o seu propio material. O mesmo para a recollida.

Limpeza de mans con xel hidroalcohólico e desinfección das partes do vehículo que teñen contacto co material despois de cada xornada. Compartir o vehículo o mínimo tempo.

MONTAXE CARREIRA

Igual ao ciclismo pero o risco é menor xa que ao facelo normalmente a pé pódese manter a distancia en todo momento.

MONTAXE DA META E POS META, ZONA PREMIACIÓN E DORSAIS

Arco, carpas e estruturas realizarase por parellas. A colocación da publicidade realizarase de xeito individual e sen compartir ferramentas.

Lémbrense a necesidade de cumprir as medidas xerais do protocolo. Manter distancia interpersoal de 1,5 m. e uso de máscara en todo momento

Todo o material debe ser fumigado e desinfectado previamente e con tempo de antelación suficiente para a súa manipulación así coma unha vez rematado antes da súa almacenaxe.

DESMONTAXE

Uso de máscaras e materiais de seguridade e hixiene esixidos para o posto de traballo.

Lavado de mans frecuente con xel hidroalcohólico

Todo o material e ferramentas utilizadas deberán ser desinfectado antes da súa almacenaxe, prestando especial atención no caso de material que se use en dous días consecutivos que aínda que non se proceda á súa recollida deberá ser desinfectado igualmente.

Desinfectarase o interior dos vehículos unha vez feita a descarga.

O persoal retirará a unha bolsa pechada a roupa utilizada para as labores de desmontaxe e lavarás a temperatura adecuada para a súa desinfección.

INFORMACIÓN AO PERSOAL INVOLUCRADO NO EVENTO

Informarase a través da web e rss das medidas a seguir por todas as persoas que acudan ao evento.

Sinalizaranse os postos de xel hidroalcohólico para a súa identificación.

